

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA CORPORACIÓN MUNICIPAL
EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA VINTE E CATRO DE NOVEMBRO DE DOUS
MIL CATORCE: - - - - -**

PRESIDENTA:

D^a Catalina González Bea

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

- D^a M^a Paz Lago Martínez**
- D. Salvador Durán Bermúdez**
- D^a M^a Isabel González Domínguez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D^a María Deza Martínez**
- D. Constantino Sanmartín Quiñones**
- D^a Almudena Aguíñ Fernández**
- D. Gonzalo Gonzalo Pita**
- D^a M^a Victoria González Serén**
- D^a M^a Esther Freijeiro Vázquez**
- D^a M^a Dulcinea Aguíñ Pombo**
- D. José Buezas Méndez**
- D. Pablo Piñeiro Taboada**
- D. David Otero Domínguez**
- D^a Sandra Fernández Agraso**
- D. José-Luis Rodríguez Lorenzo**

NON ASISTE:

**D. José Juan Vidal Vilanova
(INTERVENTOR)**

SECRETARIO :

D. Ángel Luís López Pita.

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as vinte horas e trinta minutos do día vinte e catro de novembro de dous mil catorce, **baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa D^a. CATALINA GONZÁLEZ BEA**, reuníronse os/as Sres/as. Concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión ordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

A) PARTE DISPOSITIVA:

1º) APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS REALIZADAS O 29 DE SETEMBRO E 13 DE OUTUBRO DE 2014. Pola Sra. **Presidenta** pregúntaselle aos asistentes á sesión se teñen que formular algunha observación ás actas que se someten a aprobación.

Ao non se formular ningunha observación, **apróbanse por unanimidade as referenciadas actas.--**

2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA PARA ADHESIÓN AO “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E A FUNDACIÓN SIGOLEO PARA IMPLANTACIÓN DUN SISTEMA DE RECOLLIDA SELECTIVA DE ACEITE VEXETAL”. O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión de Asuntos Xerais do 20 de novembro de 2014** sobre esta proposta.

O Sr. **Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, mostrouse a favor de apostar pola reciclaxe e pola recollida selectiva de aceite vexetal, polo que manifestou que votarían a favor da proposta.

A Sra. **Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, manifestou que votarían a favor da proposta, como na comision informativa, ao tratarse dunha iniciativa beneficiosa para o medio ambiente, se ben matizou que era un convenio tutelado da man da Deputación, cando podía facelo o propio concello e incluír cláusulas, como a posibilidade do céntimo solidario en función dos litros recollidos, tal e como fixeron outros concellos.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou, en referencia á intervención producida antes do comezo do pleno, que como no caso doutro tema deste pleno, o préstamo de Nauta, cando se necesita o diñeiro aparece, non como dixo anteriormente a Sra. **Alcaldesa**, tratándose dun asunto que non se solucionará neste mandato. En canto a este punto da orde do día, consideraban positivo encontrar unha saída para a recollida de aceites vexetais, pero precisou que se trataba dun convenio indirecto, a través da Deputación e dunha fundación, entes que ás veces non acaban sendo sen ánimo de lucro, ademais de que se perde a pista do que vai pasar cos residuos unha vez recollidos.

O Sr. **Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, non ve mala a tutela da Deputación e mesmo pode ter vantaxes, recordando que dende o concello se intentou chegar a acordos con empresas e non foi posible, sendo esta a mellor opción e non tendo porque sospeitar das fundacións, engadindo que, polo contrario, ao tratarse dunha recollida en moitos concellos, as condicións eran mellores.

A Sra. **Alcaldesa** sinalou que non é a primeira vez que se recollen aceites neste concello, xa que levan mais de dez anos con este servizo, que agora pretende mellorarse, sobre todo para os meses de verán, xa que na actualidade os colectores non eran suficientes, engadindo que estarían vixiantes do funcionamento do convenio e, se este fose negativo, cambiaríase o medio de prestar o servizo. En canto á referencia realizada polo Sr. **Otero Domínguez** a súa intervención previa ao pleno, recordoulle ao voceiro do BNG que sabía perfectamente a solución deste tema e que se pediron

informes ao secretario, ao interventor e a un asesor xurídico externo, para finalmente encontrar unha saída mediante a dotación de financiamento no vindeiro presuposto, de todo o que as familias están perfectamente informadas, rematando para dicir que co diñeiro de “Nauta” non se podían pagar mais que os gastos desta mercantil.

Non se producen mais intervencións e a **Sra. Presidenta** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

“Solicitar a adhesión do Concello de Sanxenxo ao Convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e a Fundación Oil Free Ocean para a implantación dun sistema de recollida selectiva de aceite vexetal, facultando á Sra. Alcaldesa-Presidenta D^a Catalina González Bea para a sinatura de cantos documentos fosen necesarios para a execución deste acordo.”-----

3º) PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA SOBRE ACORDO DE ESTABLECEMENTO E REGULACIÓN DE PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI E FESTIVAS. O Sr. Secretario dá conta da **proposición da alcaldía do 20 de novembro de 2014** e a **Sra. Presidenta**, ao non estar ditaminada en comisión informativa, someteu a ratificación da inclusión deste asunto na orde do día a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, acordou ratificar a inclusión deste asunto na orde do día.**

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, solicitou unha explicación da Concelleira de Cultura sobre o motivo da urxencia e dos termos do acordo, precisando que apoiarán a proposición, que ten fiscalización favorable e estudo de custos.

A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, dixo que votarían a favor da proposición.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, sinalou que non encontraba motivo polo que este asunto non fose a comisión informativa, anunciando a súa abstención e indicando que se trataba dunha cuestión fiscal.

O **Sr. Guisasola Padín, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, explicou que recentemente se asinou un convenio coa Xunta para a realización de diversas actividades culturais no concello, que esixía a esta institución dispoñer de prezos publicos, con contías que van de 3 a 16 euros, o que motivou a tramitación deste expediente.

A Sra. Alcaldesa precisou que, aínda que este asunto non foi a comisión informativa, se lle explicou aos voceiros dos distintos grupos políticos municipais con ocasión da celebración das restantes comisións, sinalando que este concello é o único de Pontevedra e un dos catro de Galicia escollidos pola Xunta para a sinatura dun convenio de realización de actividades culturais, que obrigaba a dispoñer dun prezo público que non tiña o concello e que é necesario aprobar, engadindo que o informe de intervención chegou cando xa estaban convocadas as comisións, polo que foi necesario traer o expediente a pleno por esta vía.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a proposición a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 15 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 2 (Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Determinar o prezo público pola realización de actividades culturais e festivas nas seguintes contías e regulación que tamén se indica:

CONCERTOS, ACTUACIÓNS MUSICAIS, DANZA , REPRESENTACIÓNS TEATRAIS E PROXECCIÓNS CINEMATOGRAFICAS DESENVOLVIDAS NO AUDITORIO DO PAZO EMILIA PARDO BAZÁN. (Inclúense as actuacións musicais derivadas de subvencións concedidas por outros entes territoriais)

- Se o custe da contratación do artista ou compañía é de ata 1.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:2,47 €
- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 1.501,00 € e 3.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:3,30 €
- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 3.501,00 € e 5.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:4,13 €
- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 5.001,00 € e 7.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:4,95 €
- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 7.501,00 € e 10.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:5,78 €
- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 10.001,00 € e 12.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:6,61 €

- Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 12.001,00 € e 14.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:7,43 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 14.001,00 € e 18.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:8,26 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 18.001,00 € e 22.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:9,09 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 22.001,00 € e 26.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa:9,91 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 26.001,00 € e 30.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa: 10,74 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 30.001,00 € e 35.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa: 11,57 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 35.001,00 € e 40.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa: 12,39 €
 - Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 40.001,00 € e 45.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:
Tarifa: 13,22 €
- Os convenios de colaboración con outras administracións territoriais (Xunta de Galicia , etc...) por celebración de eventos de difusión cultural. O prezo que se establece será entre 3 e 10 €. En cada caso deberase unir o texto do convenio ou acordo co ente territorial ao expediente regulador do prezo público.

- Os eventos a celebrar en convenio, asociación, ou contrato con empresas privadas promotoras (que promovan directamente baixo o seu nome comercial o evento, aínda que figure na lenda “ Colabora o Concello de Sanxenxo”) debera satisfacer un prezo público, igual aos custes fixos enumerados no estudo económico financeiro segundo sexa a duración, ademais de ter que asumir a empresa o 100 % do custo do evento. O prezo público a satisfacer será na seguinte escala:

Duración de 4 horas ou mais= 606,32 €

Duración de 3 horas a 3 horas e 59 minutos = 454,74 €

Duración de 2 horas a 2 horas e 59 minutos = 303,16 €

Duración de 1 hora a 1 hora e 59 minutos = 151,58 €

NOTA COMÚN: Os presentes prezos públicos incrementaranse coa cota do IVE repercutido que estea en vigor en cada momento de acordo ao disposto na Lei 37/1992, do IVE ou aplicación da normativa legal /regulamentaria que o substitúa.

ACORDO DE ESTABLECEMENTO E REGULAMENTACIÓN DOS PREZOS PÚBLICOS POLA REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAI E FESTIVAS

ARTIGO 1.- CONCEPTO

De conformidade co previsto nos artigos 127 e 41 e ss. do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), este Concello establece o prezo público pola realización de actividades culturais e festivas de competencia local en establecementos municipais, en territorio do termino municipal.

Considéranse actividades incluídas no ámbito de aplicación desta ordenanza, as actividades lúdicas, festivas, culturais, e , en xeral ,de entretemento que organice o Concello no exercicio das súas competencias, establecidas no artigo 25.2 m), “actividades culturais de ocupación do tempo libre”.

ARTIGO 2.- OBRIGADOS O PAGAMENTO

Están obrigados ao pagamento destes prezos públicos as persoas que voluntariamente decidan participar na actividade que en cada caso se convoque.

ARTIGO 3.- CONTÍA

Para a determinación das contías dos prezos públicos, considérase o estudo económico - financeiro, e o artigo 44.2 do TRLRFL, que establece que “cando existan razón sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto ...

Neste caso, deberá consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se existise”.

Considerando que a realización de actividades culturais e festivas (concertos, representacións teatrais, proxeccións de cine, ...) gozan de interese social e cultural e conlevan o fomento da cultura entre a poboación, establécense os seguintes prezos:

3.1. CONCERTOS, ACTUACIÓNS MUSICAIS, DANZA , REPRESENTACIÓNS TEATRAIS E PROXECCIÓNS CINEMATOGRAFICAS DESENVOLVIDAS NO AUDITORIO DO PAZO EMILIA PARDO BAZÁN. (Inclúense as actuacións musicais derivadas de subvencións concedidas por outros entes territoriais)

3.1.1) Se o custe da contratación do artista ou compañía é de ata 1.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:2,47 €

3.1.2) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 1.501,00 € e 3.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:3,30 €

3.1.3) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 3.501,00 € e

5.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:4,13 €

3.1.4) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 5.001,00 € e 7.500,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:4,95 €

3.1.5) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 7.501,00 € e 10.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:5,78 €

3.1.6) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 10.001,00 € e 12.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:6,61 €

3.1.7) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 12.001,00 € e 14.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:7,43 €

3.1.8) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 14.001,00 € e 18.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:8,26 €

3.1.9) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 18.001,00 € e 22.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:9,09 €

3.1.10) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 22.001,00 € e 26.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa:9,91 €

3.1.11) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 26.001,00 € e 30.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa: 10,74 €

3.1.12) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 30.001,00 € e 35.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa: 11,57 €

3.1.13) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 35.001,00 € e

40.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa: 12,39 €

3.1.14) Se o custe da contratación do artista ou compañía oscila entre 40.001,00 € e 45.000,00 €. O prezo que se establece é o seguinte:

Tarifa: 13,22 €

3.1.15) Os convenios de colaboración con outras administracións territoriais (Xunta de Galicia , etc...) por celebración de eventos de difusión cultural. O prezo que se establece será entre 3 e 10 €. En cada caso deberase unir o texto do convenio ou acordo co ente territorial ao expediente regulador do prezo público.

3.1.16) Os eventos a celebrar en convenio, asociación, ou contrato con empresas privadas promotoras (que promovan directamente baixo o seu nome comercial o evento, aínda que figure na lenda “ Colabora o Concello de Sanxenxo”) debera satisfacer un prezo público, igual aos custos fixos enumerados no estudo económico financeiro segundo sexa a duración, ademais de ter que asumir a empresa o 100 % do custo do evento. O prezo público a satisfacer será na seguinte escala:

Duración de 4 horas ou mais= 606,32 €

Duración de 3 horas a 3 horas e 59 minutos = 454,74 €

Duración de 2 horas a 2 horas e 59 minutos = 303,16 €

Duración de 1 hora a 1 hora e 59 minutos = 151,58 €

NOTA COMÚN: Os presentes prezos públicos incrementaranse coa cota do IVE repercutido que estea en vigor en cada momento de acordo ao disposto na Lei 37/1992, do IVE ou aplicación da normativa legal /reglamentaria que o substitúa.

ARTIGO 4.- OBRIGAS DE PAGAMENTO

A obriga de pagamento dos prezos públicos regulados neste Acordo Regulamentado pola realización de actividades culturais no Pazo Emilia Pardo Bazán dende que se inicie a prestación do servizo ou a realización da actividade.

Cando o servizo ou actividade non se preste ou desenvolva, procederase á devolución do importe correspondente. As débedas por prezos públicos poderán esixirse polo procedemento administrativo de apremio.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Acordo de Establecemento e Regulamentación do prezo público, está suxeito á publicación no taboleiro de anuncios e páxina web oficial do Concello de Sanxenxo, sendo inmediatamente aplicable.”-----

4º) DITAME DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO

SOBRE AUTORIZACIÓN DE ENDEBEDAMENTO A LONGO PRAZO A “NAUTA SANXENXO, S.L.”. O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión de Asuntos Económicos e Patrimonio do 20 de novembro de 2014.

O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, aludiu a que todos queren a rexeneración das praias, pero existen moitos matices dende que se construíu o porto, lamentando que despois de tantos anos se trouxese este tema por urxencia a comisión. O interviniente recordou que no ano 2002 o concello conseguiu a concesión do porto, o que levaba implícito moitas vantaxes pero tamén condicións negativas, xa que se pagou unha sanción de 850.000 euros por exceso de edificación e se asumiu o custo dun aval de 901.000 euros, do que xa se levan pagados máis de 100.000 euros en intereses, engadindo que cabía preguntarse porque se tardou tanto en chegar a este punto, cando se sabía que as praias foron danadas, aludindo a que tamén existen outras administracións con responsabilidade como Portos de Galicia e Costas do Estado, concretamente esta última autorizou as obras do porto deportivo, supoñendo que con informes medioambientais que non foron idóneos, polo que quen autorizou tamén ten unha responsabilidade. Por último dixo que vía poucas posibilidades de éxito para repercutir esta responsabilidade a outras administracións e preguntou porque o préstamo ascende a 1.200.000 euros, cando o presuposto de execución da obra é de 1.020.000 euros.

A Sra. Aguín Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, manifestou que case doce anos despois xa era hora de que este asunto se tratase, acusando de desidia ao goberno municipal, aínda que o fin perseguido é xusto e lóxico. A interviniente aludiu a que non se entende que o concello gaste diñeiro en praias que non son da súa titularidade, cando existen outras administracións responsables como Costas do Estado e Portos de Galicia, botando de menos que a corporación teña unha deputada polo Partido Popular no Congreso que non se involucrou neste asunto, mentres que eles fixeron alegacións aos presupostos do Estado e preguntas á Xunta. Finalmente indicou que se trataba dunha obra necesaria e urxente, xa que este concello vive do turismo, polo que votarán a favor da proposta, xa que se trata de algo prioritario, esperando que non existan excusas para que a obra sexa unha realidade cara á próxima tempada de verán.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, en primeiro lugar resaltou que hai algúns meses se debateu neste pleno unha moción sobre a deterioración da praia da Carabuxeira, coas consecuencias que ten para as vivendas e parece que por parte dos propietarios se malinterpretou a posición do BNG. A continuación explicou que era inevitable recordar que no ano 2002 se rescatou a concesión do porto, destacando que a titularidade desta infraestrutura segue sendo de Portos de Galicia, por un importe de 4.590.000 euros mais IVE, ao que se debe engadir o importe da sanción ao anterior concesionario de 850.000 euros e outra mais de 3.000.000, que ao final non se concretou, todo por actuacións que excederon do proxecto, co que o concello asumiu todas as cargas e sancións, á parte do custo da rexeneración das praias como consecuencia da deterioración medioambiental, cando o razoable era que estos danos os aboasen Costas do Estado e Portos de Galicia, lamentando que cando se acaba de pagar un crédito xa haxa que ir a por outro.

O Sr. Gonzalo Pita aludiu a que os propietarios afectados por danos, como consecuencia do impacto medioambiental das obras do porto, probablemente entendan que terán que ser asumidos polas administracións e reclamarán.

O Sr. Otero Domínguez dixo que nunca se debeu asumir a infracción que fixo o anterior

concesionario e que no seu día se aceptaron sen reparos todas as condicións que se impuxeron, sendo o alcalde deste concello naquela data, actualmente deputado en Madrid, ao igual que unha concelleira desta corporación, aos que non se lles coñece mediación ningunha neste asunto. O interviniente proseguiu dicindo que se ben os veciños do concello non teñen porque restaurar os danos producidos en propiedades privadas, o certo é que poden producirse reclamacións, que se puido iniciar este expediente con maior antelación e que por parte da **Sra. Alcaldesa** se segue na liña de actuar a última hora en temas polémicos, destacando que nas propostas solicitadas a entidades bancarias exista unha que supera o tempo de concesión do porto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, en primeiro lugar dixo que a infracción cometida no seu día na construción, foi pola ampliación do espigón, que probablemente evitou que o temporal fixese mais dano. A continuación aludiu a que o concello comprou o porto por unha cantidade e por outra, que se pagou mais tarde, que era o importe da sanción pola infracción cometida, destacando que, se se botan contas, o porto vale o que se pagou, estándose na actualidade a levar adiante o contrato. En canto aos doce anos transcorridos dixo que se intentou que pagaran outros e puntualizou que o seu voto en comisión non ten nada que ver, como xa explicou na propia comisión, co que estivese a favor de que se arranxe a praia de Carabuxeira, sendo esta a primeira vez que este asunto ven ao pleno. O intervineinte tamén aludiu a que non houbo desidia, porque o diñeiro hai que administralo e acabado de pagar un préstamo é cando hai que empezar a aboar outro e, sobre os danos das vivendas, especificou que non está de acordo en que o concello teña que aboar as reparacións.

A **Sra. Alcaldesa** explicou que o importe do préstamo é o máximo a dispoñer, sen que queira dicir que se vai gastar esa cantidade, explicando que se comprou o porto por un ingreso en metálico e polo importe da sanción que, no seu caso, lle puidese corresponder ao anterior concesionario, asumindo o importe do aval ante Costas polos posibles danos que xeraxe a obra, recordando que “Nauta Sanxenxo” pediu no seu día un crédito de 15.000.000 de euros, dos que só se utilizaron 6.500.000 euros para facer, non só as obras dos peiraos, senón as da praza, postos de venda, etc, estando pagado o préstamo ao cen por cen en xullo de este ano, grazas as xestións do consello de administración, no que desinteresadamente tamén forman parte persoas que non son corporativos municipais. A interviniente tamén indicou que se vai pedir un préstamo para facer a obra de rexeneración da praia da Carabuxeira, o que permitirá liberar o aval posto no seu día, detallando que tamén o exceso de obra está producindo beneficios a “Nauta” e que esta entidade mercantil non ten déficit, para pasar de seguido a describir o proceso de tramitación do proxecto e as súas modificacións, explicando que cando se proceda a licitar a obra, tamén se fará igualmente co proxecto, a efectos de buscar a mellor solución para a rexeneración da praia, finalizando a súa exposición para dicir que todas as actuacións neste asunto estiveron planificadas e que todos os gastos os está a pagar “Nauta Sanxenxo” cos beneficios da súa xestión.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu o ditame a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 12 (Grupo Municipal do Partido Popular, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal Mixto).

Votos en contra: 0.

Votos pola Abstención: 5 (Grupo Municipal Sanxenxo Agrupación Liberal e Grupo

Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, o Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:

“Autorizar a Nauta Sanxenxo, S.L. para a concertación dunha operación de endebedamento a longo prazo, por un importe máximo de 1.200.000,00 euros, nas condicións expostas no informe da intervención xeral e que a continuación se transcriben:

1.O importe da operación non pode superar nunca o 1.200.000,00 euros e débese destinar, fundamentalmente, á execución do proxecto de rexeración da praia da Carabuxeira e, residualmente, a outros investimentos dos que se debe de dar conta debidamente.

2.O tipo de interés non debe de exceder do maior ofertado polas dúas entidades financeiras que teñen presentado oferta na indagatoria previa. O prazo de amortización aconsellable é, como mínimo, de 10 anos. Non se poder constituir aval ou garantía por parte do ente matriz, é dicir, o Concello de Sanxenxo ou a súa entidade local. Polo tanto, a entidade local non poderá outorgar avais aou garantías de acordo ao artigo 49.5.b) do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo. [Neste senso debe ser descartada, inicialmente, a oferta presentada polo BBVA].

3.Débese de asumir o compromiso, por outra parte xa obrigatorio e inescusable, de cumprir o plan de corrección do desequilibrio aprobado pola Xunta xeral a proposta do Consello de administración, ao que, á súa vez, llelo propuxo esta intervención, de forma inescusable e en todos os seus extremos. De tal forma que, nestes termos, unha operación de 1.200.000,00 euros con cotas de amortización constante trimestrais suporía facer fronte a un desembolso de amortización de 3.000,00 euros/trimestre, ao que se debería engadir uns 9.000,00 euros, aproximadamente, de xuros no primeiro trimestre, como cota de intereses devengado sobre o capital vivo en cada momento a un tipo indiciario máximo do 3% (esta sería a cota máis abultada aplicable á primeira cota de amortización que iría diminuindo sucesivamente no rateo en que diminúa o capital vivo pendente).

4.Débese contemplar a posibilidade de amortizacións anticipadas sen ningún tipo de cláusula de comisión ou penalización.

5.Débese solicitar, sen ser requisito indispensable, unha cláusula de subida máxima do referencial do interés variable ou do interés resultante, de acordo á avaliación do variable en calquera momento da vida do préstamo. Indiciariamente podería ser o 5 % ou inferior.

6.Tras a autorización da operación polo Pleno da Corporación débese efectuar pola sociedade unha convocatoria pública de ofertas ás entidades financeiras cos seguintes condicionantes básicos:

- a. Importe máximo: 1.200.000,00 euros
- b. Tipo interés máximo variable con referencia ao euribor a un ano máis un adicional do 2,5 % en concepto de máximo ou un tipo fixo que sexa equivalente ou un incremento en máis de 0,5 puntos ao anterior variable, calculado á data das avaliación das ofertas
- c. Débese incluír obrigatoriamente unha cláusula de incremento máximo do tipo de interés ao longo da vida do préstamo.

- d. Tempo mínimo de amortización: 10 anos a contar desde da data de formalización e 2 de carencia.
- e. Tempo máximo de amortización: 15 anos e de 2 a 4 de carencia.
- f. A comisión de apertura non poderá ser superior ao 0,25 % do capital inicial pero débese valorar como criterio de adxudicación a supresión das mesmas.
- g. Non se admitirán condicións de penalización por amortizacións anticipadas.
- h. Garantías: O préstamo terá exclusivamente garantía persoal da propia sociedade sen poder aportar garantías reais de ningún xénero nin tampouco garantía ou aval prestado pola entidade local ou Concello de Sanxenxo.
- i. O sistema de amortización será lineal por cotas de amortización constantes de carácter trimestral.
- j. Por último, débense elaborar uns criterios de adxudicación que teñan en conta a puntuación para valorar a mellor oferta polos elementos a ofertar que sexan susceptibles de variación polas empresas ou entidades financeiras que participen no convocatoria presentando as súas ofertas. Nas mencionadas bases deberase establecer que calquera adxudicación contraria as condicións anteriores será nula de pleno dereito por non aterse á autorización efectuada polo Pleno.
- k. A formalización da operación deberá efectuarse ante notario, previo acordo do Consello de administración da sociedade, que, á súa vez, deberá ser fiscalizado de xeito previo pola intervención do Concello e de todo o que se deberá da debida conta a este Pleno na vindeira sesión plenaria que se celebre.

7. Débese informar xuridicamente a obrigatoriedade de dar cumprimento ao requirimento ministerial de forma indubitada, en relación ao aval constituído perante este organismo público.”-

B) ACTIVIDADE DO CONTROL DO PLENO:

5º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO INFORME DE INTERVENCIÓN DE DATA 13/10/14 SOBRE O CUMPRIMENTO DOS PRAZOS DE PAGAMENTO CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2014. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o informe trimestral de **intervención**, correspondente ao terceiro trimestre de 2014, en cumprimento do disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 do 5 de xullo, remitido á **Alcaldía** mediante escrito do Sr. **Interventor**, de data 13 de outubro de 2014 (registro de entrada número 8.780) e que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto no artigo 4.3 da Lei 15/2010 de 5 de xullo, publicada no B.O.E. o día 6 de xullo, achégolle a V.I. informe sobre o cumprimento dos prazos de pagamento, correspondente ao 3º trimestre de 2014, previstos nesta Lei, coa finalidade de que, por mandato legal e de acordo ao disposto no parágrafo 4, se o estima conveniente e no mesmo xeito que os efectuados nos períodos de dación anteriores, se remita ao Pleno da Corporación.

Os informes que se achegan son os relativos a cada un dos entes separados que integran o Concello de Sanxenxo. En especial remítome ao resumo dos períodos medios de pago e, en definitiva, aos pagos realizados no trimestre que constan no expediente.

Lémbrese a obriga de avanzar cara o cumprimento dos termos legais do novo marco normativo contido no artigo 216 do R.D. legislativo 3/2011 de 14 de novembro sobre prazo de pago (30 días) e devengo de xuros de demora.

A comparativa dos períodos medios de pagos (PMP) e dos períodos medios de pendente de pago (PMPP) entre o 2º trimestre de 2014 e o 3º trimestre de 2014 é a seguinte

2º trim 14	Concello	Terra	Nauta	Insula	Turismo
PMP	87,30	101,56	40,11	16,00	9,77
PMPP	30,45	38,66	17,01	0,00	369,70

3º trim 14	Concello	Terra	Nauta	Insula	Turismo
PMP	37,36	47,93	9,12	7,75	0,00
PMPP	17,45	39,20	22,45	0,00	461,70

Inda non se acadou o cumprimento estrito dos termos legais esixibles.

No Concello, do cálculo do período medio de operacións pendente de recoñecemento, excluíronse operacións, por un importe total de 30.770,00 euros (21.240,00 + 5.900 + 1210,00 + 1.210,00 + 1.210,00), no capítulo 2 relativas a asuntos xurídicos, por estar pendente da liquidación de contrato, e de 1.854,66 euros, no capítulo 6, relativa a danos en alumeado.

No O.A. Terra, do cálculo do período medio de pago, excluíronse operacións, por un importe total de 17.349,17 euros, no artigo 20, relativas a liquidación de facturas do Centro de día, xa pagadas. No período medio de operacións pendentes de recoñecemento excluíuse unha operación por importe de 13.950,00 euros, correspondente a un gasto pendente de recoñecer extraxudicialmente.

Na sociedade Nauta Sanxenxo, S.L. do cálculo do período medio do pendente de pago excluíronse operacións por importe de 50.816,20 euros (49.606,20 + 1.210,00) por non ser débeda comercial e 42.350,00 euros por estar pendente a conta xustificativa a inicios do mes de outubro.

Asemade débese de dar cumprimento ao disposto na Lei 3/2004, modificada polo Real decreto lei 3/2013, en relación ao disposto no artigo 216 do R.D.L. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, normas que, literalmente, din:

“La Ley 3/2004, de 29 de diciembre, fue a su vez modificada por el artículo 33.4 del Real Decreto Ley nº 4/2013, de 22 de febrero, de medidas de apoyo al emprendedor y de estímulo del crecimiento y de la creación de empleo; que literalmente establece:

Artículo 8. Indemnización por costes de cobro: “1. Cuando el deudor incurra en mora, el acreedor tendrá derecho a cobrar del deudor una cantidad fija de 40 euros, que se añadirá en todo caso y sin necesidad de petición expresa a la deuda principal.

Además, el acreedor tendrá derecho a reclamar al deudor una indemnización por todos los costes de cobro debidamente acreditados que haya sufrido a causa de la mora de éste y que superen la cantidad indicada en el párrafo anterior.

2. El deudor no estará obligado a pagar la indemnización establecida en el apartado anterior cuando no sea responsable del retraso en el pago”.

“Artículo 216. Pago del precio: “1. El contratista tendrá derecho al abono de la prestación realizada en los términos establecidos en esta Ley y en el contrato, con arreglo al precio convenido.

2. El pago del precio podrá hacerse de manera total o parcial, mediante abonos a cuenta o, en el caso de contratos de tracto sucesivo, mediante pago en cada uno de los vencimientos que se hubiesen estipulado.

3. El contratista tendrá también derecho a percibir abonos a cuenta por el importe de las operaciones preparatorias de la ejecución del contrato y que estén comprendidas en el objeto del mismo, en las condiciones señaladas en los respectivos pliegos, debiéndose asegurar los referidos pagos mediante la

prestación de garantía.

4. La Administración tendrá la obligación de abonar el precio dentro de los treinta días siguientes a la fecha de aprobación de las certificaciones de obra o de los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados, sin perjuicio de lo establecido en el artículo 222.4, y si se demorase, deberá abonar al contratista, a partir del cumplimiento de dicho plazo de treinta días los intereses de demora y la indemnización por los costes de cobro en los términos previstos en la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que se establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales. Para que haya lugar al inicio del cómputo de plazo para el devengo de intereses, el contratista deberá de haber cumplido la obligación de presentar la factura ante el registro administrativo correspondiente, en tiempo y forma, en el plazo de treinta días desde la fecha de entrega efectiva de las mercancías o la prestación del servicio.

Sin perjuicio de lo establecido en los artículos 222.4 y 235.1, la Administración deberá aprobar las certificaciones de obra o los documentos que acrediten la conformidad con lo dispuesto en el contrato de los bienes entregados o servicios prestados dentro de los treinta días siguientes a la entrega efectiva de los bienes o prestación del servicio, salvo acuerdo expreso en contrario establecido en el contrato y en alguno de los documentos que rijan la licitación.

En todo caso, si el contratista incumpliera el plazo de treinta días para presentar la factura ante el registro administrativo, el devengo de intereses no se iniciará hasta transcurridos treinta días desde la fecha de presentación de la factura en el registro correspondiente, sin que la Administración haya aprobado la conformidad, si procede, y efectuado el correspondiente abono.

5. Si la demora en el pago fuese superior a cuatro meses, el contratista podrá proceder, en su caso, a la suspensión del cumplimiento del contrato, debiendo comunicar a la Administración, con un mes de antelación, tal circunstancia, a efectos del reconocimiento de los derechos que puedan derivarse de dicha suspensión, en los términos establecidos en esta Ley.

6. Si la demora de la Administración fuese superior a ocho meses, el contratista tendrá derecho, asimismo, a resolver el contrato y al resarcimiento de los perjuicios que como consecuencia de ello se le originen.

7. Sin perjuicio de lo establecido en las normas tributarias y de la Seguridad Social, los abonos a cuenta que procedan por la ejecución del contrato, solo podrán ser embargados en los siguientes supuestos:

a) Para el pago de los salarios devengados por el personal del contratista en la ejecución del contrato y de las cuotas sociales derivadas de los mismos.

b) Para el pago de las obligaciones contraídas por el contratista con los subcontratistas y suministradores referido a la ejecución del contrato.

8. Las Comunidades Autónomas podrán reducir los plazos de treinta días, cuatro meses y ocho meses establecidos en los apartados 4, 5 y 6 de este artículo”.

Tense comprobado que se ten instaurado o cumprimento efectivo destes preceptos, o que foi sinalado e advertido por esta Intervención dende a entrada en vigor das normas xurídicas de referencia.””

CONCELLO DE SANXENXO:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	3	AÑO	2014		
CONCELLO	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago		Fuera período legal pago			
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	38,52	8,66	10,00	6.775,98	8,00	561.036,43
Art. 21	34,22	12,02	36,00	32.342,14	61,00	47.501,45
Art. 22	36,03	14,13	175,00	134.276,29	275,00	208.623,22

Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	37,70	8,02	1,00	4.501,20	17,00	150.061,20
				177.895,61		967.222,30
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	25	12.936,02				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		12.936,02				0,00
CONCELLO			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	15,87	24,00	1,00	99.842,94	1,00	10.127,70
Art. 21	20,74	24,00	5,00	9.458,52	1,00	118,29
Art. 22	18,21	32,56	5,00	164.602,66	3,00	23.063,71
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						
				273.904,12		33.309,70
CONCELLO			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	11,02		229,00	136.608,93		
Cap. 6	1,00		1,00	8.659,61		
				145.268,54		

O.A. “TERRA DE SANXENXO”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2014
TERRA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Art. 20	54,06	33,99	6,00	46.887,42	8,00	152.283,96
Art. 21	31,12	9,95	3,00	7.702,35	10,00	3.310,88
Art. 22	40,30	12,79	34,00	19.046,21	109,00	115.721,00
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6	33,58	5,00	1,00	151,25	1,00	486,42
				73.787,23		271.802,26
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes	7	443,98				
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		443,98				0,00
TERRA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Art. 20	33,90	5,00	1,00	1.470,91	2,00	37.313,92
Art. 21	37,18	7,18			3,00	3.211,26
Art. 22	43,69	13,69			39,00	47.218,69
Art. 23						
Art. 24						
Art. 26						
Art. 27						
2 sin desagregar						
Cap. 6						

				1.470,91		87.743,87
TERRA			Pendiente de reconocimiento			
	Período medio operaciones pendiente reconocimiento PMOPR		Nº operaciones	Importe total		
Cap. 2	27,70		87,00	212.362,17		
Cap. 6	11,00		2,00	2.588,14		
				214.950,31		

“NAUTA SANXENXO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010			TRIMESTRE	3	AÑO	2014
NAUTA			Pagos realizados en el trimestre			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	9,10	1,62	114,00	366.539,38	22,00	15.116,90
Inmovilizado (2)	29,00		1,00	395,67		
Sin desagregar						
Total				366.935,05		15.116,90
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
NAUTA			Pendiente de pago			
			Dentro período legal pago		Fuera período legal pago	
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Aprovisionamientos	22,45	0,00	20,00	20.728,51	0,00	0,00

(6)						
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				20.728,51		0,00

“INSULA SANXENXO, EMPRESA MUNICIPAL DA VIVENDA E SOLO, S.L.”:

INFORME TRIMESTRAL LEY 15/2010	TRIMESTRE	3	AÑO	2014		
INSULA	Pagos realizados en el trimestre					
	Dentro período legal pago			Fuera período legal pago		
	Período medio pago PMP	Período medio pago excedido PMPE	Nº pagos	Importe total	Nº pagos	Importe total
Aprovisionamientos (6)	7,75		4,00	322,68		
Inmovilizado (2)						
Sin desagregar						
Total				322,68		0,00
	Nº pagos	Importe	Intereses demora pagados en el período			
Gastos corrientes						
Inversiones						
Op. Comerciales						
Sin desagregar						
		0,00				0,00
INSULA	Pendiente de pago					
	Dentro período legal pago			Fuera período legal pago		
	Período medio pendiente pago PMPP	Período medio pendiente pago excedido PMPPE	Nº operaciones	Importe total	Nº operaciones	Importe total
Octavo.- Se procederá en este ejercicio a la amortización anticipada de deuda a largo plazo, por importe de casi 501.000 € (sobrantes de préstamos destinados a amortización anticipada). Se eliminará así parcialmente el pendiente de pago de ejercicios cerrados de deuda no comercial, que se debe completar tal como se comentó con anterioridad.

A juicio de esta Intervención., este Plan de Ajuste debe ser objeto de seguimiento constante, así como la constancia del hecho de no ser susceptible de supresión (ni tan siquiera en el supuesto de que se refinancie la deuda al amparo del RDL 8/2014), ya que este Ayuntamiento tiene graves responsabilidades posibles derivadas de hechos pasados de gestión urbanística, que previa confirmación judicial firme, pueden abocar a una situación de ruptura de la sostenibilidad económica, y la consecuente incapacidad de asumir sus obligaciones financieras.

En SANXENXO a 13 de octubre de 2.014.

EL INTERVENTOR GENERAL, firmado:

JOSE JUAN VIDAL VILANOVA.

Atención de MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS. GOBIERNO DE ESPAÑA.

Dese cuenta al Pleno de la Corporación, por medio de la Presidencia, si lo estima oportuno, siendo ello una obligación jurídica.”

A Corporación deuse por enterada.-----

7º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE 27/10/14 POLO QUE SE INDICABA QUE CON DATA 24/10/14 COMUNICOUSE AO MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS O CÁLCULO DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Interventor** de 27 de outubro de 2014, rexistrado de entrada co número 9.368, no que se indica que se remitiu ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas o calculo do período medio de pago a provedores que a continuación se transcribe literalmente:

“De conformidade co artigo 4.1.b) da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información, previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, e de conformidade co establecido na disposición transitoria única do Real decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das administracións públicas, con data 24.10.14, procedeuse a comunicar ao Ministerio de facenda e administracións públicas dito cálculo, cuxo xustificante se achega.

Lémbrese a obriga de publicar na páxina web do Concello o período medio de pago a provedores, segundo o artigo 6 do Real decreto 635/2014 (como mínimo trimestralmente).

Recórdase que no caso de incumprimento no sucesivo do período medio de pago iniciárase o procedemento establecido en dita norma xurídica, para que sexa o Estado quen asuma as funcións da tesourería local, procedendo á retención na participación de tributos do Estado.

O incumprimento das obrigas referidas no Real decreto 635/2014 (cálculo, subministro de información ao ministerio e publicación) poderá implicar unha infracción moi grave en materia económico-financiera, regulamentada no artigo 28 da Lei 19/2013 de Bo goberno e transparencia, lembrando que a imposición da sanción, segundo o disposto no artigo 30 da mesma lei, poderá implicar, no seu caso, a inhabilitación para o exercicio de cargos ou funcións públicas, sen prexuízo das responsabilidades penais ou eventuais.

Lémbrese que para o cálculo do período medio de operacións pendente de recoñecemento, excluíronse operacións, por un importe total de 30.770,00 euros (21.240,00 + 5.900,00 + 1.210,00 + 1.210,00 + 1.210,00), no capítulo 2, relativas a asuntos xurídicos, por estan pendente da liquidación do contrato, e de 1.854,66 euros, no capítulo 6, relativa a danos en alumeado.

No O.A. Terra do cálculo do período medio de pago, excluíronse operacións, por un importe total de 17.349,17 euros, no artigo 20, relativas a liquidación de facturas do Centro de día, xa pagadas. No período medio de operacións pendentes de recoñecemento excluíuse unha operación por importe de 13.950,00 euros, correspondente a un gasto pendente de recoñecer extraxudicialmente.

Asemade está excluída a facturación por subministro de auga en alta desde o Concello de Pontevedra (neste momento contabilizada como operación non orzamentaria).

Poderán ser incluídas nunha vindeira dación de conta por instrucións ministeriais singulares ou xerais.

Neste suposto incumpriríase gravemente o período medio de pago polo que se aconsella se adopten medidas de xestión con celeridade.”

A Corporación deuse por enterada.-----

8º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DE INTERVENCIÓN DE DATA 27/10/14 POLO QUE SE COMUNICA O ENVÍO TELEMÁTICO REFERENTE Á LIQUIDACIÓN DO ANO 2013 CON TODOS OS DOCUMENTOS ANEXOS, RELATIVOS ÁS SOCIEDADES MERCANTÍS “NAUTA SANXENXO, S.L.”, “INSULA SANXENXO, S.L.” E “TURISMO DE SANXENXO, S.L.”.

O **Sr. Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Interventor** de 27 de outubro de 2014, rexistrado de entrada co número 9.369, no que se indica o envío telemático da liquidación de 2013 que a continuación se transcribe literalmente:

“De acordo ao disposto na orde HAP/2105/2012 de 1 de outubro, sobre a obriga de subministro de información, en desenvolvemento da Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, remíttolle copia do xustificante do envío telemático correspondente á liquidación do ano 2013, con todos os documentos anexos, relativo ás sociedades mercantís Nauta Sanxenxo, S.L., Insula Sanxenxo, S.L. e Turismo de Sanxenxo, S.L. para a súa elevación perante o Pleno da Corporación”.

Adxunto a este escrito figuran 27 folios de resguardo telemático da remisión, numerados do 1 ao 27, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

9º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE DATA 30/10/14 POLO QUE SE COMUNICA QUE ACHEGA O INFORME SOBRE A EXECUCIÓN TRIMESTRAL DOS ORZAMENTOS SEPARADOS RELATIVOS AO 3º TRIMESTRE DE 2014. O **Sr. Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Interventor** de 30 de outubro de 2014, rexistrado de entrada co número 9.609, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégase informe sobre execución trimestral dos orzamentos separados relativos ao terceiro trimestre de 2014, coa finalidade de cumprimentar o dereito e deber de subministro de información ao que se refire a Orde ministerial HAP/2105/2012 de 1 de outubro e a Orde ministerial EHA/4041/2004 de 23 de novembro”.

Adxunto a este escrito figuran 14 folios de resguardo telemático da remisión, numerados do 1 ao 14, co selo do concello.

A Corporación deuse por enterada.-----

10º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DO ESCRITO DA INTERVENCIÓN DE DATA 05/11/14 POLO QUE SE ACHEGA COPIA DA REMISIÓN AO CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA EN RELACIÓN ÁS RESOLUCIÓNS E ACORDOS ADOPTADOS POLA PRESIDENTA DA ENTIDADE LOCAL E POLO PLENO CONTRARIOS AOS REPAROS FORMULADOS, ASÍ COMO DUN RESUMO

DAS PRINCIPAIS ANOMALÍAS DETECTADAS EN MATERIA DE INGRESOS. O Sr. **Secretario** indica que está a disposición dos membros da Corporación o escrito do **Interventor** de 05 de novembro de 2014, rexistrado de entrada co número 9.848, que a continuación se transcribe literalmente:

“Achégolle copia do correo electrónico remitido ao Consello de Contas de Galicia, para súa dación de conta ao Pleno, en contestación a un eviado por dito Consello, relativo a informes sobre resolución de discrepancias, en relación ás resolucións e acordos adoptados pola presidenta da entidade local e polo Pleno contrarios aos reparos formulados, así como un resumo das principais anomalías detectadas en materia de ingresos”.

O correo electrónico enviado o día 5 de novembro de 2014 literalmente di:

“Pola presente ponse en coñecemento de ese organismo de control externo, que no ano 2013, non se teñen producido levantamentos de reparos emitidos por esta Intervención.

Os reparos emitidos, sexan suspensivos ou non, constan na Conta Xeral do devandito exercicio, e xa que se ten dado conta dos mesmos na plataforma de rendición da mencionada conta.

Non se teñen producido acordos, nin pola Alcaldía nin polo Pleno, nin por outros órganos de goberno, contrarios aos reparos formulados, sendo que pola contra, cando se teñen emitido, se han depresgado, ou ben as adaptación dos actos as prescricións esixidas nos mencionados reparos, ou ben a incoación e tramitación do correspondente expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos (cando foi preciso), de todo o que se incorporou a precisa documentación a Conta Xeral.

As principais anomalías detectadas en materia de ingresos veñen expostas na Memoria da Conta Xeral, elaborada por esta Intervención, e asumida como dictamen pola Comisión especial de Contas, a rendida na plataforma telemática. En especial no apartado ou parágrafo de Concesións Administrativas, e en concreto ao do servizo de auga potable a domicilio, saneamiento e depuración de augas residuais. Estean en trámite os expedientes de verificacións, e parte de esas anomalías están en trámite de corrección, en especial a que se refire aos cánones adebedados a administración do período 2.006-2.009.”

A Corporación deuse por enterada.-----

11º) POSTA EN COÑECEMENTO DA CORPORACIÓN DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS DENDE O 16 DE SETEMBRO AO 10 DE NOVEMBRO DE 2014 (DE RES. Nº 990/14 Á Nº 1351/14). A Sra. **Presidenta** expón que no expediente estiveron á disposición dos/as concelleiros/as as **Resolucións da Alcaldía ditadas dende o 16 de setembro ao 10 de novembro de 2014**, dando cumprimento ao disposto no artigo 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. Pregunta se se quere algunha aclaración. Non se formula ningunha.

A Corporación deuse por enterada.-----

MOCIÓN

1º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL SOLICITANDO O ESTUDO E VALORACIÓN DO ESTADO ACTUAL DO SANEAMENTO EN A GRANXA DE ABAIXO, ASÍ COMO A DOTACIÓN DE

PARTIDA PRESUPOSTARIA PARA LEVAR A CABO OS TRABALLOS PARA SOLVENTAR OS PROBLEMAS DE SANEAMENTO NESE LUGAR . O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Os concejales integrantes de Grupo Municipal S.A.L. ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formulan para a súa discusión e, no seu caso aprobación no Pleno Ordinario a celebrar o próximo día 24 de novembro de 2014 a seguinte MOCIÓN URXENTE:

ANTECEDENTES

Nos últimos tempos vemos como o grupo de goberno do Concello de Poio intenta por todos os medios a construción dunha EDAR (Estación Depuradora de Aguas Residuais) necesaria para as zonas de Raxó, O Laño, Samierira, etc, e que esta se ubique nos terreos dentro do Concello de Sanxenxo, mais concretamente na zona de Pampaido, alegando que as vivendas do lugar da Granxa tamén necesitan saneamento.

Dado que, o número de vivendas do lugar de A Granxa que están afectadas por este problema é mínimo si o comparamos coas vivendas do Concello veciño, consideramos que corresponde ó rexidor de Poio e ó seu grupo de goberno “arreglar” este problema.

O Concello de Sanxenxo ten 17.000 habitantes e dúas depuradoras, polo contrario, o Concello de Poio ten 16.000 habitantes e ningunha depuradora propia. Ademáis, o PXOM de Sanxenxo, non contempla a construción de ningunha EDAR a corto prazo.

Apoyamos a posición do Grupo de Goberno de Sanxenxo ó negarse rotundamente á construción da mencionada instalación en terrenos da Parroquia de Dorrón, pero queremos chegar máis lexos y no nos conformamos con ello. Non queremos que dentro de varios meses, el Sr. Rexidor ou rexidora do Concello de Poio volva a recalcar que pretende ubicar a EDAR en terreos de Sanxenxo, creando de esta forma, malestar e posibles enfrentamentos entre veciños das parroquias afectadas, entre os que sempre existiu boa sintonía.

Así Sanxenxo debe buscar una solución cómoda, rápida y económica a esta cuestión. Creemos que para ó pequeno problema que ten Sanxenxo neste sentido, comparado co de Poio deberíanse de buscar alternativas para non depender de outras administracións, podendo facer bombeos en distintos puntos do Lugar de A Granxa de Abaixo, que den saída hacia la carretera PO 308, e desde este punto, xa se usarían as instalacións existentes, que levarían os residuos ata a depuradora situada en Paxariñas.

Por todo lo anteriormente citado, propoñemos para o seu debate e posterior aprobación, si procede, a seguinte **Moción:**

- 1.- Solicitar ós técnicos municipais do Concello de Sanxenxo o estudo e valoración do estado actual do saneamento do lugar da Granxa de Abaixo e as posibles opcións técnicas de bombeo ata o punto máis favorable da carretera PO-308, para dar solución ó saneamento de dita zona.**
- 2.- Unha vez se estudie técnicamente a mellor opción se dote de partida presupuestaria ou se xestione a financiación necesaria para levar a cabo os traballos para solventar os problemas de saneamento do lugar de A Granxa de Abaixo (Dorrón).”**

O **Sr. Gonzalo Pita** xustificou a urxencia pola controversia co Concello de Poio pola ubicación da depuradora, indicando que se ben apoiaba a posición do goberno de Sanxenxo, era necesario buscar unha solución definitiva.

A **Sra. Alcaldesa** manifestou que ía propoñer a abstención sobre a consideración da urxencia desta moción, xa que este tema está moi estudado e aínda que a moción ten razón sobre o fondo do asunto, non nos termos nos que se plantexa.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, coincidiu coa anterior interviniente en que o tema está mais que estudado e que o problema ven dado porque o Alcalde do Concello de Poio non quere facer a depuradora no seu concello.

O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, aludiu a que todos os intervinientes están opinando sobre a moción, polo que pide que se vote a favor da urxencia para que todos poidan debatela.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción**, alcanzándose o seguinte resultado:

Votos a favor: 8 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo e Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego).

Votos en contra: 0

Votos pola Abstención: 9 (Grupo Municipal do Partido Popular e Grupo Municipal Mixto).

En consecuencia e, **ao non obter o voto favorable da maioría absoluta dos membros de dereito da Corporación, non resultou aprobada a declaración de urxencia desta moción.**

A **Sra. Alcaldesa** indicou que falou deste asunto en moitas ocasións, en reunións en Augas de Galicia, estando presente o Alcalde do Concello de Poio e coas confrarías da ría, indicando que Sanxenxo non vai permitir que se faga outra depuradora neste concello para solucionar o problema de Poio, tan só se nun futuro se desenvolven solos urbanizables, poderá contemplarse unha nova depuradora ou a ampliación da existente en Paxariñas, quen ten un problema é o Concello de Poio e o seu alcalde agora ten que solucionalo, xa que na Granxa non existe ningún problema que non se poida solventar e que o único apoio a postura do alcalde do concello limítrofe é a referencia a unha depuradora proxectada en Pampaido no ano 1989, cando aínda non estaban aprobados os plans xerais destes concellos, habéndose producido moitos cambios con respecto a aquela época que a fan inviable.

Neste intre a **Sra. Fernandez Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, interviu para indicar que ao igual que está a falar a alcaldía deste asunto, debía permitir facelo ao resto dos grupos políticos, sinalando que o producido era unha falta de democracia neste pleno.-----

2º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO RELATIVA A PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS. A **Sra. Agúin Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, deu lectura á moción que a continuación se transcribe literalmente:

“O **Grupo Municipal do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE de Sanxenxo**, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e demais normativa de aplicación, presenta esta **MOCIÓN** relativa a “**PROHIBICIÓN DA PESCA DO XEITO NAS NOSAS COSTAS**”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Comisión Europea quere prohibir as redes de deriva, entre as que se atopa unha pequena rede de carácter artesanal, con escasa incidencia sobre os recursos pesqueiros e con unha ínfima incidencia sobre o ecosistema mariño, respectuosa e selectiva. Esta rede denominase “XEITO” e trátase dunha arte pesqueira puramente artesanal usada en pequenas localidades costeiras de Galicia, para a captura da sardiña.

É unha arte moi respectuosa co medio xa que apenas produce capturas incidentais posto que o seu uso realízase en zonas moi pretas as costas, dentro das rías galegas e sendo ademais unha arte que non permanece calada mais de dúas horas.

Na actualidade só en Galicia, mais de 400 embarcacións contan con permiso de pesca para esta arte e mais de 1000 familias dependen directamente desta pesqueira.

Por todo o anterior, o Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, propón ó Pleno municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1.- Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente que defenda ante a Comisión Europea a pesca do Xeito por ser unha arte tradicional que se realiza no interior das costas galegas.”

A **Sra. Aguíñ Pombo** xustificou a urxencia polo feito de que este concello tamén é mariñeiro, aínda que non sexa esta arte a que predomina.

A **Sra. Alcaldesa** propuxo o voto a favor para consideración da urxencia desta moción.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta** someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.

A **Sra. Aguíñ Pombo** reiterouse no exposto na moción e no manifestado anteriormente .

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular**, indicou que estando de acordo co fondo da moción e para os efectos de conseguir a unanimidade, solicitou dos seus promotores a súa modificación no sentido de indicar que se debía facer referencia a que se seguise defendendo esta arte, posto que lles constaba que así se estaba facendo dende o Estado e polo Presidente da Xunta de Galicia.

A continuación a **Sra. Aguíñ Pombo** accedeu á modificación da moción no sentido de cambiar a expresión “*que defenda*” pola que “*que siga defendendo*” .

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación, coa modificación introducida e descrita anteriormente, na que, **por unanimidade, resultou aprobada nos termos que a continuación se transcriben:**

“1.- Instar a Xunta de Galicia e ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente a que siga defendendo ante a Comisión Europea a pesca do Xeito por ser unha arte tradicional que se realiza no interior das costas galegas.”-----

3º) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA (R. DE ENTRADA NÚMERO 10567 DO 24/11/14). A Sra. **Fernández Agraso, concelleira do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, deu lectura a moción que a continuación se transcribe literalmente:

“Sandra Fernández Agraso, concelleira do grupo municipal do **Bloque Nacionalista Galego** de Sanxenxo.

EXPON:

A violencia machista é unha realidade que golpea día tras día as mulleres deste país. O 24 de marzo deste mesmo ano a Secretaría xeral de Igualdade facía público o *Informe anual de seguimento da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, que deixaba uns datos demoledores e que recollía as medidas implementadas pola Xunta de Galiza, que esta vulga oportunas cando todos os indicadores sinalan que son claramente insuficientes. Para as mulleres e as organizacións que loitamos contra a violencia machista, é un feito incontestábel que non podemos continuar a contar o número de mulleres asasinadas e os numerosos casos de agresións físicas e psicolóxicas sen tomar medidas urxentes que impliquen o conxunto da cidadanía e trasladen ás mulleres un verdadeiro apoio e a garantía de se respectar o seu dereito a vivir unha vida digna sen violencia.

Para alén desta consideración, levan causado un forte escándalo social as declaracións humillantes e vexatorias para as mulleres que diferentes cargos institucionais realizan de maneira impune, contribuíndo a crear un clima de indefensión e de inseguranza que nada axuda a crear a conciencia necesaria de que a violencia machista só pode merecer a tolerancia cero desde institucións e organizacións políticas.

O feito de que ano tras ano as administracións non sexan capaces de frear a violencia contra as mulleres e de crear conciencia na sociedade para facer efectiva a prevención e/ou a resposta inmediata, indigna amplos sectores da cidadanía que constatan inexistencia de medidas reais que cheguen a todos os ámbitos da vida e que sirvan, dunha vez por todas, para demostrar que o compromiso coa loita contra o machismo é unha prioridade política absoluta.

É responsabilidade do conxunto da cidadanía e, en particular, das persoas con responsabilidades políticas, garantir o cumprimento das leis orgánica e galega, protexer ás vítimas da violencia machista e as/aos menores ao seu cargo, exixir que os medios de comunicación non contribúan a crear e manter prexuízos sexistas, traballar para que a comunidade educativa eduque verdadeiramente en igualdade e denunciar todas e cada unha das agresións que as mulleres sofren no día a día.

Co obxectivo de exercer este compromiso día a día, no marco da celebración todos os días dos contidos que só parecen existir arredor da data do 25 de novembro, Día Internacional contra a Violencia contra as Mulleres, a Corporación municipal

Acorda:

1. Trasladarlle á Xunta de Galiza o urxente desenvolvemento lexislativo do artigo 39 da *Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero*, de xeito que se recolla, como mínimo:

-A regulación das axudas periódicas de apoio a mulleres que sofren violencia de xénero co obxectivo de establecer baremos de renda non inferiores aos que se recollían nas convocatorias dos anos 2006, 2007, 2008, 2009 e 2010 e eliminando a incompatibilidade do cobro desta axuda no caso de se beneficiar

con anterioridade das medidas recollidas neste artigo.

-A garantía de que o prazo de presentación de solicitudes desta axuda está aberto durante todo o ano.

-A fixación dun prazo máximo de 30 días para a resolución e o pagamento efectivo das axudas desde o momento da súa solicitude.

-A ampliación da duración das axudas a 18 meses prorrogábeis até 24 meses segundo a situación da vítima.

2. Apoiar o asociacionismo que traballa no combate contra a violencia de xénero e desenvolver, en colaboración co tecido social, unha campaña urxente de concienciación sobre a responsabilidade social e a necesidade de illar os agresores.

3. Elaborar un plan de formación especial para o persoal que traballa con mulleres vítimas de violencia de xénero.

4. Exixir o cumprimento da normativa en publicidade sexista, chegando a romper patrocinios con aqueles medios que o incumpriren.

5. Ser exemplares na loita contra a violencia cotiá e os micromachismos e, por tanto, rexeitando e exixindo responsabilidades políticas a aquelas persoas con cargos institucionais que fixeren declaracións machistas.

6. Deseñar un plan de sensibilización permanente contra a violencia machista que englobe ao conxunto da sociedade.”

A **Sra. Fernández Agraso** xustificou a urxencia polo delicado do tema e pola importancia que ten o que non se reduza o presuposto que se destina a esta finalidade, destacando que era importante manter o salario ás mulleres maltratadas para evitar a súa dependencia económica e aludiu a que se trataba dunha violencia estrutural, que debía ser atacada dun xeito integral, sendo preocupante o incremento da violencia machista na xuventude.

A continuación, ao non producirse mais intervencións sobre a declaración da urxencia da moción, a **Sra. Presidenta someteu a votación a declaración da urxencia da moción, que foi aprobada por unanimidade.**

O **Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal**, dixo que estaban a favor da moción, posto que todo o que se poida facer dende os concellos para atallar este problema, o apoiarán.

A **Sra. Aguíñ Pombo, voceira do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo**, indicou que votarían a favor da moción, destacando que aínda que queda moito traballo por facer, a lei integral se aprobou cando estaba no goberno do Estado o PSOE e agora se están a restrinxir os medios destinados a este obxectivo.

O **Sra. Fernández Agraso**, destacou que, no aspecto xa mencionado do salario, Galicia foi pioneira no ámbito estatal.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, mostrou o seu apoio a moción e engadiu que este problema debía de estar sempre presente.

A **Sra. Alcaldesa** destacou que non deben acordarse só deste problema con ocasión das mocións pola celebración do Día contra a Violencia Machista no mes de novembro, aludindo ao importante traballo que se estaba a facer todo o ano na mesa que trata deste asunto no concello, na que se conseguiu que participasen tanto o xuíz encargado destes temas como médicos, engadindo finalmente que tamén era necesario un traballo dentro do ámbito das familias, na súa casa.

Ao non producirse mais intervencións a **Sra. Presidenta** someteu a moción a votación na que, por **unanimidade, resultou aprobada nos termos antes transcritos.**-----

ROGOS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno Local o seguinte ROGO:

O camiño que une os lugares de Piñeiros e A Costiña na parroquia de Vilalonga co lugar de Fonte de Ons na parroquia de Noalla queda encharcado en varios puntos cando veñen as choivas, limitando o paso dos usuarios a pé e provocan baches que quedan tapados pola auga.

Todo ou gran parte de esta deficiencia solucionaríase con unha limpeza das cuneras.

Polo exposto rogamus ordenen a limpeza das cunetas do camino no lugar mencionado para subsanar estas deficiencias.”-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales expoño ós membros do goberno Local o seguinte ROGO:

O longo da calzada PO-504 que transcorre dende Sanxenxo ata a parroquia de Vilalonga atopanse distintas ubicacións de sinais verticais. Unhas están na metade da acera impedindo en moitas ocasións o paso de sillas de nenos ou de cadeiras de rodas. Outras sen embargo atopanse a un lado ou a outro da acera sin un razonamiento claro da súa ubicación.

Pero sen dúbida as que consideramos máis gravosas e perigosas son as ubicadas no arcén da calzada rodeadas con un bordillo de adoquín en semicírculo, sendo estas un posible perigo para os ciclomotores, motocicletas, ciclistas, etc que ante un mínimo despiste pode ser motivo de un grave accidente, como xa ten sucedido anos atrás na que facelleu unha persoa.

Polo anteriormente exposto rogamus insten ó titular da vía para que reorganice á ubicación das sinais verticais no tramo de calzada da PO-504 que vai dende Vilalonga Sanxenxo.”-----

PREGUNTAS

1º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

PREGUNTA

¿Cales foron as últimas xestións que se fixeron para dar unha solución as augas que ano tras ano inudan o camino das salinas na parroquia de Noalla?.”

O Sr. Sanmartín Quiñones, concelleiro do Grupo Municipal do Partido Popular, contestou que se contactou coa Consellería de Medio Ambiente para tratar de solucionar o asunto e mentres tanto, cos medios municipais, estase tratando de parchear o posible, tapando algunhas fochas.-----

2º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

PREGUNTA

¿Cómo están as xestións coa Diputación Provincial para desenvolver o proxecto que todos esperamos no Pazo de Quintáns de Noalla?.”

A Sra. Alcaldesa contestou que recentemente se aprobaron pola Deputación 400.000 euros para abordar a primeira fase, algo que levaba moito tempo esperando e que tivo algún problema como consecuencia de que a inversión a realizar non era en bens do organismo provincial.-----

3º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL DE SANXENXO AGRUPACIÓN LIBERAL. O Sr. Gonzalo Pita, voceiro do Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“D. Gonzalo Gonzalo Pita portavoz do grupo municipal Sanxenxo Agrupación Liberal (S.A.L.) ó amparo do establecido no artigo 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réximen Xurídico das Entidades Locales, formula, para a súa contestación no próximo pleno ordinario a seguinte pregunta:

PREGUNTA

¿En que momento se encuentran las obras y la recepción del S.U 15 (PARQUE EMPRESARIAL)?.”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que na adxudicación da obra dos centros de transformación existiron problemas coa acreditación da solvencia técnica da empresa seleccionada, o que provocou que se adxudicase á seguinte, estándose á espera da fiscalización da intervención para proceder á adxudicación definitiva e, a continuación, terase unha reunión con Fenosa para proceder a executar as obras pendentes.-----

4º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“José Buezas Méndez, como concelleiro do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

A calle Progreso debido as fortes chuvias as ultimas semanas estase a rexistrar numerosas inundacións. Pode dicirme si levaron a cabo algún estudio con respecto as mesmas cales son os motivos, e si tenlle pensado levar a cabo algunha actuación para evitar as mesmas a corto prazo.”

A **Sra. Alcaldesa** contestou que hai que levantar toda a rúa, xa que non ten recollida de augas pluviais e aclarou que na rúa Sanxenxo se se fixo esta recollida, o que provoca que cando existan choivas fortes se desborden os sumidoiros, engadindo que recentemente se solicitou ao Vicepresidente da Xunta a reforma total desta rúa.-----

5º) ESCRITO DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE SANXENXO. O Sr. Buezas Méndez, concelleiro do Grupo Municipal Socialista de Sanxenxo, da lectura ao escrito que a continuación se transcribe literalmente:

“José Buezas Méndez, como concelleiro do PSdeG-PSOE no Concello de Sanxenxo, ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, formula a seguinte **PREGUNTA**:

Gustaríame que explicase desde o principio todo o sucedido coa cidade deportiva de Sanxenxo.

Cando me refiro dende o principio, digo dende a firma do convenio. Por qué non se rexistrou o mencionado convenio cos mencionados terreos municipais?

Cómo poden pagar con cartos públicos case un millón de euros en obras en terreos que non pertencen ao patrimonio municipal?.

Dende cando son coñecedores de toda esta desfeita administrativa, urbanística e patrimonial e cales foron as súas xestións para evitar a situación na que nos atopamos.”

A **Sra. Deza Martínez, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular,** contestou que tiveron coñecemento do problema da Cidade Deportiva porque a empresa dixo que existía unha carga hipotecaria, o que provocou que dende o concello se solicitase una nota simple rexistral, comprobándose a existencia dunha hipoteca anterior á firma do convenio, sen o coñecemento do concello, a continuación comunicouse á empresa que tiñan que liberar a hipoteca para solucionar o problema do SU-5, indicando que na actualidade se está a rematar, en sentido negativo e

despois do ditame do Consello Consultivo, o expediente de responsabilidade patrimonial solicitado ao concello.

6º) O **Sr. Piñeiro Taboada, concelleiro do Grupo Municipal Socialista**, despois de dicir que hai uns meses preguntou sobre a posibilidade de poñer novos colectores de recollida selectiva na Avenida de León, manifestou que non se había realizado actuación algunha, preguntando sobre este asunto.

O **Sr. Rodríguez Lorenzo, voceiro do Grupo Municipal Mixto**, contestou que compareceu nesa zona e non se recorda da existencia de ningunha necesidade, pasando a continuación o **Sr. Piñeiro Taboada** a explicar mais detalladamente onde solicitaba, polo menos, a instalación dun colector de vidro, indicando entón o **Sr. Rodríguez Lorenzo** que había que ser coidadoso, porque para a instalación deste tipo de colectores existe unha ratio que neste concello está superada por moito, intervindo entón a **Sra. Alcaldesa** para dicir ao **Sr. Rodríguez Lorenzo** que se reunise coa empresa concesionaria a efectos de valorar a instalación dos referidos colectores na zona solicitada.

7º) O **Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, despois de sinalar que a Cidade Deportiva é un gran fracaso, preguntou á **Sra. Alcaldesa** como se lle ocorreu ao concello adxudicar obras en terreos sen rexistrar ao seu nome, porque non foron rexistrados, se nalgún momento se posicionou o concello durante todo o proceso no que a hipoteca pasou dende Caixa Nova ata Sareb e, por último, como pode chamar a inversión de diñeiro público, uns 800.000 euros, en terreos non municipais. O interviniente engadiu que ao seu xuízo o nome era malversación e que este asunto non só tería que explicalo a nivel político, senón tamén xudicial.

A **Sra. Alcaldesa** indicoulle ao anterior interviniente que el non coñecía o tema do SU-5, engadindo que ela só fala de expedientes e do que está escrito nos mesmos e neste figuraba unha posta a disposición ao concello dos terreos nos que se fixeron as obras, previo expediente fiscalizado pola intervención municipal, recordando a continuación que o plan parcial non puido aprobarse, despois dunha reclamación dos propietarios, o que era responsabilidade dos promotores e non do concello. Asemesmo aludiu a que, se se entrega unha finca e non figuran as cargas, a responsabilidade será dos que a entregan e dos que asinan o convenio, estando o expediente a disposición de todos os concelleiros e destacando que se enteraron do problema facía dous anos, tal e como sinalou anteriormente a concelleira de urbanismo. O **Sr. Otero Domínguez** repetiu a pregunta de porque non se rexistrou a parcela, contestando a **Sra. Alcaldesa** que a alcaldía non se encarga de rexistrar os terreos e que supón que non se puideron rexistrar porque todavía non eran propiedade do concello se ben, o que se consta no expediente, é un dereito de uso cedido ao concello e a adxudicación das obras coa fiscalización da intervención municipal.

E non habendo máis asuntos dos que tratar, a presidencia da por rematada a sesión sendo as vinte e dúas horas e cuarenta e cinco minutos, de todo o que, eu secretario **DOU FE:**